

Xoves, 16 de maio de 2024

Núm. 96

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NEVES, AS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA
CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DAS NEVES**ANUNCIO**APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS DO CONCELLO DAS NEVES (EXPEDIENTE 338/2024)*

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF) do Concello das Neves, redactado por SEAGA e asinado polo enxeñeiro técnico forestal don Víctor Mouronte Barreiro, con data 26 de marzo de 2024, e polo enxeñeiro de montes don Pablo Arbones Maciñeira, con data 28 de marzo de 2024.

Segundo.- Proceder á publicación do presente acordo no BOPPO, sen prexuízo da publicación íntegra do Plan no taboleiro de anuncios do Concello e portal de transparencia situados na sede electrónica do Concello das Neves (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal>), aos efectos do seu coñecemento xeral, en cumprimento do artigo 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral da Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural para incorporación ao visor e aos efectos que procedan.

As Neves, na data da súa sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente,

José Manuel Alfonso González

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:OWRFHBYX45EIF7FI

